

MATERIA

Economía, Sociedade e Institucións na Antigüidade

unidade  
didáctica  
4

TITULACIÓN

Grao de Historia

Humanidades

# Democracia romana?

Héctor Paleo Paz

Área de Historia Antiga

Departamento de Historia

Facultade Xeografía e Historia

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA





Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2022

**Deseño e maquetación**

J. M. Gairí

**Edita**

Edicións USC

[usc.gal/publicacions](http://usc.gal/publicacions)

**ISBN**

978-84-19679-02-4

**DOI**

<https://dx.doi.org/10.15304/9788419679024>

**MATERIA: Economía, Sociedade e Institucións na Antigüidade**

**TITULACIÓN: Grao de Historia**

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

### **Unidade I. A economía antiga e as súas características**

A teoría dos modos de produción: modo de produción asiático, escravismo e outros modos de produción

A importancia do escravismo na historia antiga

Modernismo e institucionalismo: dúas perspectivas para o estudo da economía antiga

### **Unidade II. A *polis* grega**

*Polis* e institucións das cidades gregas

Modelos políticos: o concepto grego da democracia

*Oikumene* e helenismo

### **Unidade III. A *civitas* romana**

*Ciuitas*

A cidadanía

As institucións

### **Unidade IV. Democracia romana?**

Debate historiográfico

Polibio e a *anakyklosis*

*Populus, populares e ciuitas popularis*

### **Unidade V. O nacemento da Tardo-Antigüidade**

A crise do século III

Debate historiográfico

Institucións do Baixo Imperio Romano

### **Unidade VI. Dereito e sociedade**

O dereito romano como fenómeno histórico

Codificación

Recepción

## ÍNDICE

---

### PRESENTACIÓN

### OBXECTIVOS

### COMPETENCIAS QUE SE VAN TRABALLAR

1. Competencias básicas e xerais
2. Transversais
3. Específicas

### METODOLOXÍA

1. Clases expositivas
2. Clases interactivas

### ACTIVIDADES PROPOSTAS

### CONTIDOS

1. Debate historiográfico
  - 1.1 Theodor Mommsen
  - 1.2 A teoría do ermo baleiro: Münzer, Gelzer e Syme
  - 1.3 A quebra do consenso
  - 1.4 Reábrese o debate e reaparece ideoloxía
2. Polibio e a *anakyklosis*
3. Populus, populares e ciuitas popularis
  - 3.1 A cidade con dúas cabezas
  - 3.2 A lexislación tabelaria
  - 3.3 O fortalecemento das asembleas
  - 3.4 Conclusións

### AVALIACIÓN

1. Avaliación continua:
2. Avaliación final

### BIBLIOGRAFÍA



## PRESENTACIÓN

---

Esta Unidade Didáctica —de aquí en diante UD— corresponde ao tema IV do programa de «Economía, sociedade e institucións na Antigüidade», unha materia optativa ofertada no primeiro cuatrimestre do cuarto curso do Grao de Historia. No seu conxunto, esta materia busca achegar ao alumnado unha comprensión profunda de varios aspectos fundamentais, e relacionados entre si, do mundo clásico grecolatino.

- O concepto de cidadanía e a relación entre o individuo e a comunidade política na antigüidade grecolatina.
- A estrutura destas comunidades políticas resultantes da relación cidadán-comunidade.
- Os proxectos socio-políticos propios destas comunidades.
- As diferentes correntes historiográficas que estudaron estas realidades históricas.

Dentro do conxunto deste programa, a UD titulada «Democracia romana?» céntrase no estudo da realidade política do último século da República para reflexionar sobre a natureza dun réxime en transformación. Neste sentido, o enfoque co que se formula esta UD aséntase sobre dous piares fundamentais. Por un lado, sitúase ao alumnado dentro do intenso debate historiográfico contemporáneo que existe en relación á polémica pregunta de se nalgún momento se puido considerar Roma unha democracia. Con isto búscase tanto ofrecer instrumentos analíticos propios do oficio do historiador como mostrar o coñecemento histórico como unha realidade en continua construción, suxeita a cambios e renovacións. Por outra parte, vinculando o estudo da *res publica* romana á análise polibiana, apréndese a importancia de concibir as realidades históricas tamén dende as categorías analíticas do mundo que as xerou. O obxectivo é que o alumnado non só conte con instrumentos analíticos actuais para entender un determinado fenómeno histórico, senón tamén con aqueles que lle permitan comprender como era percibido e presentado no seu contexto. Partindo destes dous piares, realizarase unha análise específica da evolución do fenómeno político que sucedeu no último século da República, mostrando ao alumnado como se xera unha interpretación fundamentada do pasado.

## OBXECTIVOS

---

- Analizar de forma crítica o aumento de protagonismo das asembleas na Tardía República, aumentando a problemática das visións máis simples deste cambio.
- Identificar as diferentes liñas historiográficas en relación ao debate da «democracia romana».
- Coñecer e analizar criticamente algunhas das principais fontes clásicas a partir das cales se estuda a política tardorrepblicana.
- Realizar unha interpretación historiográfica propia a partir dun uso contrastado das fontes clásicas e das tendencias historiográficas actuais.

## COMPETENCIAS QUE SE VAN TRABALLAR

---

### 1. Competencias básicas e xerais

- CX1. Coñecer e analizar a estrutura diacrónica da historia.
- CX2. Usar, ordenar e interpretar as fontes históricas.
- CX4. Coñecer e usar métodos e técnicas de outras ciencias humanas.
- CB1. Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parta da base da educación secundaria xeral pero que inclúen tamén coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
- CB2. Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos á súa vocación e posúan as competencias que se demostran por medio da elaboración e defensa de argumentos e resolución de problemas.
- CB3. Que os estudantes teñan a capacidade de reuniren e interpretaren datos relevantes para emitiren xuízos reflexivos sobre temas de índole social, científica ou ética.
- CB4. Que os estudantes poidan transmitir información tanto a un público especializado como non especializado.
- CB5. Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores con alto grao de confianza.

### 2. Transversais

- CT1. Aplicar pensamento analítico, crítico, lóxico e creativo demostrando dotes de innovación.
- CT2. Traballar de forma autónoma con responsabilidade e iniciativa.
- CT3. Traballar en equipo colaborando e compartindo responsabilidades.
- CT4. Comunicar información en público de maneira clara e efectiva.

### 3. Específicas

- CE2. Coñecer, analizar e interpretar detalladamente un ou máis períodos específicos do pasado.
- CE3. Coñecer e interpretar a historia como disciplina en construción.
- CE4. Coñecer e analizar os temas e problemáticas obxecto de debate historiográfico.
- CE5. Conciencia crítica da relación entra a dimensión social, económica e institucional do pasado.
- CE7. Comprender, interpretar e elaborar textos historiográficos ou documentos orixinais na lingua propia.

## METODOLOXÍA

---

Esta UD propón un tipo de ensinanza orientado á comprensión e á reflexión profunda sobre unha serie limitada de temas para así aportarlle ao alumnado os instrumentos metodolóxicos necesarios para desenvolver o que Gardner denomina como «pensamento disciplinar» no relativo á Historia —e particularmente á Historia Antiga— (Gardner, 2000). Pola contra, evítase a memorización masiva de datos sen un marco interpretativo e epistemolóxico onde asentelos. Esta práctica dificulta a comprensión profunda e, no mellor dos casos, ten como resultado un coñecemento superficial condenado ao esquecemento. Neste sentido, a UD planificouse de acordo coa idea dos «temas xenerativos» propostos por Gardner e co establecido no Espazo Europeo de Educación Superior (Gardner, 2000: 150-2). Por tanto, a docencia divídese en dous tipos de clases: expositivas e interactivas. Nas primeiras o docente impartirá unha serie de «cuestións esenciais» que permiten ao alumnado abordar a realización das actividades interactivas de forma satisfactoria. No referente á temporalización en aula, esta UD está proxectada para durar un total de 6 horas: 4 horas expositivas e 2 horas interactivas. Estas clases terán lugar ao longo de 2 semanas, cunha distribución de 2 horas expositivas e 1 hora interactiva por semana.

### 1. Clases expositivas

4 horas. As clases expositivas consistirán esencialmente en leccións de tipo maxistral. Nelas, o docente abordará a explicación daqueles contidos esenciais para que o alumnado conte cos coñecementos base necesarios para consecucións dos obxectivos correspondentes. Independentemente da súa natureza teórica, intentarase fomentar a participación do estudiantado a través de preguntas concretas que relacionen as cuestións impartidas cos coñecementos previos adquiridos ao longo do Grao.

### 2. Clases interactivas

2 horas. As clases interactivas requiren, por definición, a participación activa do alumnado, que ha de ser un axente activo no proceso educativo e non un mero receptor de coñecemento. Esta participación activa é a única maneira de modelar un verdadeiro pensamento disciplinar e foméntase a través das actividades propostas no apartado correspondente. Neste sentido, a natureza de optativa desta materia e o número reducido de estudantes co que adoitamos contar —habitualmente entre 15 e 20— permiten organizar as interactivas ao redor dunha serie de actividades moi participativas que se detallarán no seguinte apartado. No referente aos recursos necesarios, as clases interactivas terán lugar nas aulas ordinarias destinadas para tal efecto e xiraran en torno á lectura de dúas fontes clásicas: o *Comentariolum petitionis* de Quinto Cicerón e o *De republica* de Marco Cicerón. Para a realización de 2 das actividades propostas —o debate e o traballo escrito— é necesario facer un agrupamento específico en grupos de traballo, preferiblemente de 4 persoas.

## ACTIVIDADES PROPOSTAS

---

A continuación propóñense unha serie de actividades que serán realizadas polo alumnado en parte nas aulas interactivas e en parte nas correspondentes horas de traballo autónomo fóra da aula.

- Lectura obrigatoria do *Comentariolum Petitionis* de Quinto Cicerón e o *De Republica* de Marco Cicerón (actividade a realizar como traballo autónomo).
- Análise e comentario oral de pasaxes de fontes clásicas propostas en relación cos contidos vistos nas clases teóricas. A persoa encargada da docencia dirixirá os comentarios coa realización dunha serie de preguntas (1 hora en clase interactiva + 1 hora integrada durante as expositivas).
- Debate sobre a natureza do réxime político romano. O alumnado (ou parte del) será distribuído en dous grupos de traballo. Como punto de partida, as posturas para escoller serán opostas. Un dos grupos defenderá a natureza democrática do réxime romano e outro a súa natureza oligárquica. En caso de que o número de alumnas e alumnos o permita, aqueles que non participen no debate deberán determinar cal dos dous grupos defendeu a súa posición de forma máis convincente e razoar por que (1 hora durante en clase interactiva).
- Realización dun traballo escrito, mantendo os mesmos grupos que se constituíron para o debate, a partir dos contidos vistos nas clases expositivas, dos comentarios orais e do debate. O tema do mesmo tamén será a natureza do réxime político romano. Non obstante, e a diferenza do debate, as posturas do traballo poderán ser moito máis matizadas xa que non se exige a polarización que é precisa para o debate (actividade que se debe realizar como traballo autónomo).

## CONTIDOS

---

### 1. Debate historiográfico

Neste primeiro apartado preténdese presentar unha síntese analítica sobre a orixe e evolución do debate historiográfico que aborda a natureza do fenómeno político na República romana tardía. Para isto, a epígrafe dividirase en seis partes que corresponden ás principais fases que se identificaron nesta disputa historiográfica e un breve balance final, partindo de Theodor Mommsen ata chegar ás contribucións máis recentes, feitas xa en pleno século XXI. Neste sentido, intentouse trazar unha xenealoxía de argumentos que nos permita seguir a evolución do debate e o contexto onde tivo lugar. Ha de terse en conta, en todo caso, que as liñas mestras da discusión se toman da estrutura da mesma presentada por Pedro López Barja de Quiroga no seu artigo «Conflicto ideolóxico y guerra civil en la Tardía República Roma: causa, memoria y miedo», que servira de patrón para o desenvolvemento desta epígrafe (López Barja, 2014).



### 1.1 Theodor Mommsen

Como tantos outros aspectos relativos á historia da Roma clásica, calquera estudo no que se pretenda abordar a problemática da natureza da política na República tardía debe comezar poñendo encima da mesa as contribucións do patriarca da historiografía romana contemporánea: Theodor Mommsen. Para este autor, a natureza política da República romana estaba profundamente marcada polo conflito ideolóxico que existía entre os diferentes *Parteien*; uns «partidos» que, de feito, constitúen a verdadeira liña condutora da Historia de Roma.

Max Weber consideraba que existían tres grandes tipos de partidos políticos: aqueles que tiñan por obxectivo conseguir o poder para o seu líder e postos para os seus cadros, aqueles que buscaban garantir os intereses das súas bases, e por último, aqueles que xiraban ao redor dunha forma de concibir o mundo. Na Alemaña inmediatamente posterior á revolución liberal de 1848, esta última concepción era a que realmente caracterizaba aqueles *Parteien* que comezaban a operar en política. Esta é tamén a noción aplicable á *Historia de Roma* de Mommsen, onde fala de *optimates* e *populares* como agrupacións laxas que comparten unha determinadas liñas ideolóxicas e un particular *Weltanschauung* (López Barja, 2005: 207-218).

### 1.2 A teoría do ermo baleiro: Münzer, Gelzer e Syme

A pesar da alongada sombra que proxectou a obra de Mommsen, a forma na que concibía a natureza da política romana tivo unha recepción máis ben escasa e viuse contundentemente substituída por un modelo que, a moitos niveis, se pode considerar o seu oposto. Esta ruptura arranca da man do proxecto enciclopédico Pauly-Wissowa, no marco do cal se lle encarga a F. Münzer que elabore as biografías de moitos dos personaxes clave da república romana. Estes traballos, que substitúen o estudo das ideas polo das persoas, sentaron as bases da futura disciplina da prosopografía e, no proceso, abordaron a natureza da política romana desde unha perspectiva completamente diferente. Para Münzer, a ideoloxía era secundaria e a división entre *optimates* e populares non resultaba operativa para comprender as dinámicas políticas (López Barja, 2014: 34).

Agora ben, a obra que máis importancia tivo na ruptura definitiva do modelo proposto por Mommsen —e o fundamento dunha boa parte da historiografía social e política sobre Roma elaborada no século XX— foi *Die Nobilität der römischen Republik* (1912), a breve *Habilitationschrift* de M. Gelzer. Tal e como se pode inferir do seu propio título, o seu obxecto primordial de estudo é a «nobreza» romana, aqueles que aparecen definidos nas fontes clásicas como *nobiles*. Desde unha perspectiva esencialmente sociolóxica, Gelzer acouta a aplicación deste termo a aquelas persoas que descendían de cónsules, ditadores e tribunos militares con potestade consular. Por tanto, a *nobilitas*, entendida como a clase que se forma agrupando a todos estes *nobiles*, configúrase como unha oligarquía pechada que controla quen pode acceder a ela a través dun dominio absoluto das institucións (Gelzer, 1969: 4-52; López Barja, 2014: 35-36).

Ademais da definición de *nobilis*, o outro puntal da concepción política proposta no *Die Nobilität* é a clientela. Inserindo toda unha serie de férreas relacións de padroado entre os membros da oligarquía dominante e a totalidade do corpo social, a *nobilitas* gelzeriana podía controlar efectivamente o resultado dunhas eleccións aparentemente libres. Deste modo, a ideoloxía queda desterrada do escenario político, sendo as etiquetas de *optimates* ou *populares* unha mera referencia ás tácticas que usaban os diferentes membros dunha nobreza hereditaria na súa loita feroz polo poder nun sistema profundamente oligárquico (Gelzer, 1969).

Esta concepción da sociedade e da política romanas está claramente enraizada nunha serie de estudos de socioloxía política moi populares a finais do século XIX e principios do XX. É a chamada teoría das elites, creada polos sociólogos G. Mosca e R. Michels (Canfora, 1991: 195). O núcleo desta argumentación, abalado polo peso combinado das propostas de Münzer e Gelzer, tivo tal proxección que se configurou como o modelo hexemónico no estudo da política romana para o século XX; mantendo unha profunda pegada aínda a día de hoxe. É a concepción etiquetada por John North co evocador nome da teoría do ermo baleiro —*frozen waste theory* (North, 1990).

O momento de consagración do paradigma Münzer-Gelzer no mundo de fala inglesa veu da man de R. Syme e a da súa obra seminal *The Roman Revolution* (1939). Por unha parte, adopta a definición de nobilitas aportada por Gelzer; unha concepción que, como vimos, entronca directamente coa teoría das elites. Así, a súa análise céntrase exclusivamente na «oligachy [that] lurks behind the façade» (Syme, 1939: 7). Por outro lado, toma como punto de partida a análise de Münzer que presentaba aos *Parteien* como agrupacións estables e axentes esenciais na vida política romana, e sobre esta idea introduce unha nova concepción de partido. Inspirado pola obra *Ottaviano Capoparte*, os partidos que operaban na *res publica* de Syme estaban máis próximos a aqueles que Weber definía como partidos de padroado, onde un líder busca o poder para si mesmo e para o seus incondicionais (López Barja, 2014: 37-39; Momigliano, 1966: 729-737).

### 1.3 A quebra do consenso

A gran ruptura co paradigma do ermo baleiro veu da man dos sucesores de Syme na posto de *Camden Professor of Ancient History*, a cátedra de referencia no Reino Unido para a historia de Roma. O primeiro deles, Peter Brunt atacou directamente a liña de flotación do sistema gelzeriano realizando unha contundente crítica —aínda vixente— das relacións de clientela. Na seu ensaio 'Clientela', Brunt desmonta o mito dunhas redes de clientela e padroado o suficientemente rixidas como para garantirlle á aristocracia o control automático do proceso electoral; e sen este control, por tanto, tamén se dilúe a caracterización da *res publica* como unha oligarquía pechada (Brunt, 1988).

Pola súa parte, o sucesor de Brunt, F. Millar, disputa directamente a consideración da República como oligárquica, introducindo sen ambaxes o termo «democracia» na discusión sobre a constitución romana. Nas súa obra *The Crowd*

*in Rome in the Late Republic* (1998) toma a famosa análise do Libro VI das *Historias* de Polibio como un punto de partida fundamental no estudo do réxime político de Roma. Esta análise afirma non só que non pode ser abertamente desbotada, senón que debe ser considerada como unha descrición válida da República romana. A partir desa base, Millar defende o papel central do orador no réxime político republicano, unha figura que só se pode apreciar coa importancia que merece se se pon en relación con tres elementos. O primeiro deles é o Foro, definido como un espazo público de competencia política que posúe unha topografía constitucional propia e no que os diferentes axentes políticos se relacionan entre si directamente. O segundo son as *contiones*, como espazo de debate ideolóxico, e o terceiro son as *comitia*, sede dun poder lexislativo que o pobo romano exercía directamente —a diferenza do que é habitual na historia, recorda Millar—. A propia corrupción electoral que fora un problema tan xeneralizado e perseguido na República tardía, puntualiza, perde a súa razón de ser se o resultado das eleccións estaba pactado de antemán (Millar, 1998).

#### 1.4 Reábrese o debate e reaparece ideoloxía

A ruptura parcial da comunidade académica coa teoría do ermo baleiro impuxo, por tanto, a necesidade de aproximarse á política republicana desde novas perspectivas. En primeiro lugar, púxose o foco no estudo de novos axentes que antes se consideraban marxinais. As posicións, moitas veces encontradas, de Millar, J. North, A. Yakobson e H. Mouritsen —entre outros— sobre o grao de influencia das *contiones* e os *comitia* na política é unha mostra destas novas perspectivas. En segundo lugar, moi relacionado co anterior, a ideoloxía e as ideas pasaron de novo a ser un elemento de análise importante nas discusións sobre a natureza da política romana, tanto como un argumento a favor do vello modelo oligárquico, como para defender a existencia dun modelo alternativo.

Neste debate ao redor da ideoloxía existen, por tanto, dous grandes fíos argumentais. Por un lado, hai toda unha serie de autores que analizan a estrutura ideolóxica republicana a partir dun modelo similar ao da hexemonía cultural gramsciano; isto é, como outro elemento máis de control social usado polas elites para xustificar a súa posición de dominación (Gramsci, 1966). Segundo esta concepción, a importancia de ideas como a *libertas*, a *auctoritas*, *dignitas* ou o *mos maiorum* radica na súa eficacia para crear un discurso simbólico que reforce a posición social de privilexio da que desfrutaban as elites. Esta idea é a que está, manifestada de diferentes formas, na base dos argumentos defendidos por R. Morstein-Marx, K-J. Hölkenskap e M.A. Robb (Morstein-Marx, 2004; Hölkenskap, 2019; Robb, 2010).

A outra gran liña interpretativa tenta ir máis aló desta consideración da ideoloxía como un simple instrumento xustificativo e postula a existencia dun xenuíno debate en termos ideolóxicos. Neste senso, Yakobson defende que as propias tradicións, símbolos e rituais que conforman esta «gramática da política» teñen un forte elemento *popularis* que permite a formulación de alternativas político-ideolóxicas sen saírse deste marco cultural compartido. Para el, a propia domesticación da disidencia implicou integrala, lexitimando o seu discurso dentro da

comunidade política (Yakobson, 2010). Nesta mesma liña, autores como L. Perelli, N. Mackie ou J-L. Ferrary defenden a existencia dun debate ideolóxico que se manifesta na dicotomía *optimates-populares*, etiquetas que se refiren non a *factiones* concretas, senón a agrupacións ideolóxicas con discrepancias e contradicións internas (Perelli, 1982; Mackie, 1992; Ferrary, 1982). Desde unha tradición epistemolóxica vinculada ao republicanismo, autores como V. Arena ou P. López Barja de Quiroga tamén seguen esta liña interpretativa onde a República Tardía se presenta como o escenario dunha confrontación ideolóxica real (Arena, 2012; López Barja, 2007; 2022).

## 2. Polibio e a *anakyklosis*

Cando Polibio (c. 208 a.C a c. 127 a.C) escribe a súa famosa *Historias* está intentando dar resposta a un fenómeno histórico que consideraba excepcional: como Roma, no breve prazo de 53 anos, fora capaz de impoñerse no Mediterráneo erixíndose como dona dun imperio que superaba en grandeza a todos aqueles que a precederan (6.1.3). Para el, a resposta non radica na fortaleza militar da República romana ou na simple sucesión dunha serie de acontecementos favorables. Polibio ve a clave de bóveda do éxito romano e a explicación ao seu éxito imparabile na súa solidez constitucional; esta trae estabilidade, e a partir da mesma xorde o éxito (6.2).

Para comprender a importancia que a forma constitucional ten no pensamento político deste autor, primeiro debe comprenderse un concepto central: a *anakyklosis*. Con este termo grego estaba a describirse un proceso cíclico e pautado de cambio constitucional que se daba entre as diferentes formas de goberno. Estas formas de goberno, ou constituicións, estaban determinadas por dous elementos. En primeiro lugar, estaban definidas polo *locus* da soberanía; o lugar onde residía o poder. E en segundo lugar, pola forma de exercer este poder en relación coa xustiza. Así, da combinación destes dous elementos Polibio distingue sete réximes constitucionais diferentes a través dos cales calquera comunidade política se ve obrigada a transitar coa mesma certeza biolóxica que un corpo humano pasa polas súas distintas idades (6.4.7-10).

Para Polibio, por tanto, cando o poder o exerce unha soa persoa de forma independente da xustiza pero non contraria a ela, fálase da monarquía. Este réxime, sustentado na forza do gobernante en tempos de caos devén na realeza cando o monarca actúa de acordo cos principios da xustiza e favorece a aceptación voluntaria da súa autoridade polos súbditos. Non obstante, será a corrupción dos descendentes desta liña, desviados xa da virtude da xustiza, o que faga que a realeza se transforme no seguinte réxime, a tiranía. Contra esta ergueranse os nobres en rebelión e, coñecedores en carne propia do que implica o mal goberno, exercerán o poder dunha forma virtuosa, constituíndo unha aristocracia. De novo, os herdeiros do poder serán os que eventualmente se corrompan e conduzan o réxime a unha oligarquía, forzando a man do pobo que instaurará unha democracia moderada. Esta última tamén terá a súa dexeneración de man dos descendentes dos fundadores que, deixando de lado a xustiza, abocarán a constituición ao caos dunha oclocracia; un réxime caótico, que á súa vez, favorecerá a aparición dun home forte que se erixa en monarca, comezando de novo o ciclo (6.5.4-6.9.9)

É precisamente en relación a este ciclo como debemos a interpretar tanto a análise constitucional que Polibio fai de Roma como a afirmación de que foi en virtude da súa constitución como a república romana puido chegar erixirse nun imperio mediterráneo. O réxime político romano, tal e como foi descrito por Polibio, ten como principal calidade que combina elementos dos tres réximes puros —realeza, aristocracia e democracia— para crear unha constitución mixta. Este é un tipo de fórmula constitucional cunha profunda tradición de prestixio, particularmente para Aristóteles —que denominaba este réxime *politeia*— e a escola peripatética que bebía das súas ensinanzas. Nesta liña, Polibio considera que, aínda que efectivamente a *anakyclosis* sexa unha realidade ineludible, a natureza da constitución mixta traerá estabilidade ao réxime, atrasando o momento de dexeneración a través do contrapeso entre as diferentes partes da comunidade política que exercen o poder (6.18).

Así, para Polibio, na constitución romana o *locus* da soberanía non estaba en mans dun único depositario, senón distribuído entre diferentes «partes» dunha comunidade que se concibe, na teoría política do momento, non como un corpo único senón como unha agregación de partes e grupos diferenciados: os poucos —os ricos-, e os moitos —os pobres-. Deste modo, a configuración da constitución romana non só combinaba elementos propios do exercicio de poder dun réxime monárquico —presentes nas maxistraturas— nin dun réxime aristocrático —presentes no Senado— ou dun réxime democrático —polas atribucións coas que contaba o pobo-, senón que as combinaba dunha forma equilibrada. O equilibrio é o elemento clave das constitucións mixtas e é tamén o fundamental da constitución romana descrita por Polibio, pois é a precisamente a través deste equilibrio como se impiden os peores excesos no exercicio do poder que levan ao abandono da xustiza e á dexeneración constitucional.

A continuación analizaranse as prerrogativas que Polibio atribúe ao pobo e que para el supoñen o fundamento dos elementos democráticos. Na constitución romana, as prerrogativas fundamentais do pobo son catro: en primeiro lugar, o monopolio da xustiza penal, impondo multas e sendo o único que pode condenar a morte, pois «o pobo, e só o pobo, é o árbitro que concede honras e inflíxe castigos, o único puntal de dinastías e constitucións e, nunha palabra, de toda a vida humana» (6.14.4). En segundo lugar, é quen elixe as maxistraturas. A maiores, é o único depositario do poder lexislativo, sendo «soberano cando se trata de votar as leis» (6.14.10). E por último, o pobo é o encargado de deliberar sobre a paz e sobre a guerra, así como sobre as alianzas, pois é «quen o ratifica todo, o ao contrario» (6.14.11).

Segundo Polibio, son estes elementos os que outorgan ao pobo unha parcela de poder o suficientemente importante —a máis pesada, de feito (6.14.3)— como para contrarrestar a xurisdición do Senado —que dispón dos ingresos e os gastos— e a autoridade suprema que os cónsules na guerra (6.14.2). É a importancia destas prerrogativas o que fai que exista o equilibrio entre as diferentes partes da sociedade que caracteriza as constitucións mixtas; un equilibrio que, non obstante, non é eterno, pois está sometido ao ineludible proceso de cambio constitucional que implica a *anakyclosis*. Precisamente, no contexto dunha constitución mixta, o cambio constitucional dáse cunha ruptura deste equilibrio a favor dunha das partes

constituíntes, que nese momento se erixiría en dominante, cambiando o sistema. Polibio cóntanos que isto foi precisamente o que lle sucedeu a Cartago no momento da súa confrontación con Roma. Se ben no pasado fora unha constitución mixta, en tempos da Segunda Guerra Púnica o seu réxime político xa perdera o seu equilibrio a favor do pobo, que era quen realizaba as deliberacións (6.51.44-7). Ao longo desta unidade didáctica deféndese que algo similar lle sucedeu a Roma no último século da República, seguindo o postulado por P. López Barja en *Imperio Legítimo* (López Barja, 2007: esp. 64-98).

### 3. Populus, populares e ciuitas popularis

Tal e como xa se mencionou con anterioridade, a hipótese defendida postula que na República romana sucedeu un proceso equivalente ao que Polibio describe tan sucintamente para Cartago. Partindo dende un réxime de constitución mixta chegouse, a través dun cambio constitucional, a un breve período durante o século I a.C onde o pobo exerce forte protagonismo político. Esta época de forte participación popular responderá aos criterios establecidos no Libro VI das *Historias* para as democracias, onde estes réximes se fundamentan no dominio da maioría, do pobo.

Nas clases correspondentes explicarase como este proceso de democratización se levou a cabo a través do fortalecemento desa institución mediante a cal o pobo exercía a súa participación política: as asembleas. Estas non eran outra cousa que o pobo romano organizado institucionalmente para participar no proceso político, exercendo as prerrogativas descritas por Polibio. Precisamente, analizaremos o proceso polo cal estas institucións afianzaron a súa autonomía respecto do Senado, reafirmando o seu poder e ocupando o centro no taboleiro constitucional.

Estudaremos como esta *anakyklose* tivo lugar pola suma de toda unha serie de variables e a través dunha multitude de modificacións político-constitucionais; aínda que moitas das cales simplemente serán esbozadas. Durante as clases o foco analítico centrarase nos motivos que as propias fontes clásicas nos dan para explicar este proceso, pois é fundamental inculcar no alumnado a importancia de comprender os marcos interpretativos das diferentes sociedades históricas.

#### 3.1 A cidade con dúas cabezas

Esencialmente, a tese que exporá é a seguinte: a división da clase dominante permitiu a certos sectores políticos aprobar toda unha batería lexislativa de medidas destinadas a garantir a independencia do voto no proceso electoral. Á súa vez, isto tivo como resultado un fortalecemento das asembleas e unha reafirmación da súa autonomía suficientemente importantes como para romper o equilibrio garantido pola constitución mixta a favor do pobo. Por tanto, concórdase con Millar respecto da importancia que lle outorga ao monopolio da potestade lexislativa por parte das asembleas (Millar, 1998). Precisamente, estas serán un piar central tanto dos elementos democráticos da constitución mixta como do proceso de transformación da mesma nun réxime democrático. Será a través das *leges*, unha manifestación da vontade do pobo, como este escorará a balanza de poder no seu favor.

En todo caso, se a democracia foi o resultado e as *leges tabellariae* foron o medio para chegar a el, o motivo polo cal se introduciron estas modificacións foi a división da clase dominante. Se ben para Polibio o cambio constitucional ten unha base case biolóxica, similar a que fai que unha persoa envelleza (6.51.44-7), para unha boa parte da elite romana a resposta estaba en Platón. Este consideraba que a división no seo das elites era o motor da inestabilidade que traía o cambio constitucional. Esta é precisamente a explicación que nos presenta Varrón, moi influído polo pensamento académico. Para el, a orixe das discordias civís que presidiron a fin da república radica nunha determinada lei que causou a división da clase dominante romana. Graco «transferiu os xuízos ao *ordo* ecuestre e fixo unha cidade con dúas cabezas, orixe das discordias civís.» [Nonio, p. 728L; Floro, *Epitome*, 2.5 (=3.17.3)] Con estas palabras Varrón está a facer referencia á *Lex Acilia Repetundarum*, datada do 123 a.C., mediante a cal Caio Graco excluíu os senadores do cadro de xurados do que se compoñían os tribunais permanentes, as denominadas *quaestiones*. Este papel outorgóuselle en exclusiva aos membros do *ordo equester*. Isto, para un académico coma Varrón causou un enfrontamento fatal entre os membros das primeiras centurias do pobo romano, dividindo unha clase —a dirixente— que debe estar unida para o funcionamento estable das institucións (López Barja, 2007: 100)

Con independencia de que asumamos o valor que Varrón lle está a outorgar a esta medida lexislativa concreta, o certo é que as fontes clásicas fan unha referencia expresa á división da clase política dirixente en dúas familias políticas diferentes e enfrontadas. Falando das divisións ideolóxicas da época, Cicerón usa os termos *optimates* e *populares*. Lévese debatido moito sobre a natureza destes grupos e a súa definición dista de ser unha cuestión academicamente unánime. Non obstante, para os efectos destas clases asumírase como válida a seguinte definición: cando se fala de *optimates* e *populares* estase a facer referencia a grupos ideolóxicos diferenciados pola súa opinión ao respecto da relación Senado-aseembles. Así, a posición *optimata* defendería a supremacía do Senado á hora de levar o temón nas decisións sobre o futuro da comunidade política, mentres que os *populares* lle daban máis peso ao pobo constituído en asembleas e que expresaba a súa opinión mediante *leges*. Esta división ideolóxica tiña máis profundidade e matices que os se poden percibir a través desta parca definición, e incluía concepcións distintas sobre a cidadanía ou sobre o reparto dos beneficios que aportaba a posesión dun imperio (Ferrary, 1982; Perelli, 1982; Mackie, 1992).

En todo caso, o que resulta claro é que no sistema electoral romano a división desta primeira clase favoreceu a capacidade de determinados actores políticos para introducir medidas lexislativas favorables ao pobo e mesmo incrementou o poder deste como árbitro dun proceso electoral cun marcado nesgo timocrático. Por un lado, os *comitia centuriata*, encargados de elixir as maxistraturas superiores, estaban estruturados segundo a división censual serviana. Deste modo, favorecían dunha forma moi clara as clases superiores e practicamente privaban de valor os votos das clases inferiores no caso de que as primeiras centurias votasen dunha forma consensuada. Era ao votar divididas cando a importancia dos votos das centurias menos adiñeiradas se incrementaba, facilitando a resolución de empates. Pola contra, os *comitia tributa*, encargados de elixir as maxistraturas menores e de votar sobre os

proyectos de lei, tiñan unha división moito máis igualitaria. (Nicolet, 1980, 207-316) Non obstante, resulta lexítimo pensar que na práctica os electores das tribos rurais que efectivamente se acudían á capital para exercer o voto sería aqueles que posuían un certo nivel económico e social que lles permitira realizar o desprazamento e a estancia en Roma durante o proceso electoral. En todo caso, é difícil de comprender a aprobación de leis favorecendo as posición do pobo e das asembleas se non se asume un certo apoio proveniente da clase política romana.

### 3.2 A lexislación tabelaria

Neste contexto de división das elites –inmediatamente anterior ás reformas gracas– é onde debemos inserir a introdución das denominadas *leges tabellariae*. Estaban destinadas a asegurar o voto secreto a través do uso de tabelas e foron un elemento clave do proceso de reforzo das asembleas e da conseguinte democratización. Concretamente, foron tres leis. A primeira delas, a *Lex Gabinia* (139 a.C) introducía o voto secreto nas votacións relativas á elección de candidatos. A segunda, a *Lex Casia* (137 a.C.), nos xuízos; e a última, a *Lex Papiria* (130 a.C.), nas votacións relativas a proxectos de lei. Estas leis, combinadas cunha posterior *Lex Maria* que estreitaba a anchura das pontes de votación, pretendían desprazar a figura dos *rogatores*, individuos de rango senatorial que preguntaban a cada cidadán o seu voto. No fondo, estas medidas lexislativas eran unha aplicación dun principio básico da ideoloxía republicana romana, a *libertas*, entendida como non dominación e aplicada á praxe política *popularis* mediante a eliminación de interferencias arbitrarias —i.e. senatoriais— no proceso electoral (Arena, 2012). Neste sentido, é conveniente tamén ter en conta que a *libertas* era, segundo Cicerón, o principio reitor da *ciuitas popularis*, polo que se pode considerar que a maior grao de *libertas*, maior é a democratización do sistema (*Rep.* 1.54).

Obviamente, a efectividade práctica destas leis pódese poñer en cuestión. Para Gelzer a súa importancia é practicamente nula, pois a *nobilitas* romana proxectaba o seu poder ferreamente a través dunhas ubicuas redes de clientela que funcionaban como correas de transmisión xerarquizadas (Gelzer, 1969). Non obstante, esta visión da clientela romana foi revisada e rebatida con éxito por Brunt, quen puxo de manifesto que a clientela romana era unha institución social moito máis flexible e informal que non permitía exercer un control directo do electorado (Brunt, 1988).

En todo caso, e aínda que efectivamente non poidamos determinar con precisión o grao de cumprimento práctico desta normativa electoral, chega con ollar as resistencias e resentimentos que o voto secreto provocaba en políticos *optimates* coma Cicerón para darse de conta de que non estamos ante unha medida inocua. No *tratado De legibus*, o arpinate defende que: «Pois eu son da opinión que sei que ti sempre tiveches: que nada sería mellor que o voto de viva voz; pero haberá que ver se é posible poñelo en práctica» (3.34). Máis adiante poñer en boca de seu irmán Quinto a queixa de que «Quen non é capaz de ver que a lei do voto secreto acabou con toda a autoridade que tiñan os *optimates*?» (3.34). A maiores, a forte oposición do *optimates* fronte a un proxecto tradicionalmente *popularis* como era



a distribución dos libertos entre todas tribos, superando a tradicional concentración nas catro unidades urbanas, só ten sentido se consideramos que o control que a *nobilitas* exercía a través da clientela era o suficientemente laxo como para que os preocupase a liberdade de voto (Cic. *Mil.* 33.89)

### 3.3 O fortalecemento das asembleas

Por tanto, consideramos que estas medidas foron un elemento fundamental á hora de fortalecer unhas asembleas que se estaban a enrocar en múltiples fronteiras sobre o centro do taboleiro político republicano. Este proceso tamén se pode percibir na ocupación por parte desta institución de posicións políticas e simbólicas que tradicionalmente estaban correspondía aos tribunos da plebe, os cales actuaban en representación do pobo. Deste modo, ao longo dos séculos II e I a.C., naquelas instancias onde previamente chegaba coa presenza tribunicia pasa a ser necesaria a participación directa das asembleas, co pobo manifestando expresamente a súa vontade a través das leis. Isto pode percibirse no contraste entre unha disposición do ano 304 a.C. recollida por Tito Livio (Liv. 9.46.6-7), na cal se establecía que para a consagración dun templo era necesario ben o permiso do Senado, ben o da maioría do colexio tribunicio, e outra disposición posterior. Segundo esta última, unha *Lex Papiria*, era necesario o permiso do pobo —que non do colexio tribunicio, senón do pobo estruturado en asembleas e manifestado a través dunha lei— para consagrar un templo (Cic. *Dom.* 127). A importancia das asembleas no proceso lexislativo é recoñecida indirectamente polo propio Cicerón, cando trae a colación un dito que sempre estaba en boca dun coñecido *popularis*:

«Glaucia, que era depravado, pero tamén enxeñoso, adoitaba recomendar ao pobo que, cando se lese en público algunha lei, atendiera á primeira liña. Se era «dictador, cónsul, pretor, *magister equitum*», que no se preocupase, nada tiña que ver con el, pero si era «todo aquel que, con posterioridad a esta lei», puxese coitado en que non atasen as súas mans introducindo algún delito novo (*Rab. Post.* 14)»

Esta tendencia tamén se pode percibir a nivel simbólico na propia intitución que presentan algunhas cartas enviadas por maxistrados a comezos do século II a.C., onde se pode ver perfectamente que os tribunos aínda ocupaban o lugar que posteriormente lle corresponderá ao *populus* [Sherk, nº 8 (=RDGE nº 34), nº 16 (=RDGE nº 38)].

En todo caso, a importancia das asembleas como un axente político a ter en conta estaba fóra de toda dúbida por volta do século I a.C., como queda patente no *Commentariolum petitionis*. O denominado *Manual do Candidato*, escrito por Quinto Cicerón para aconsellar a seu irmán Marco na campaña electoral ao consulado, repite ata a saciedade o importante que é para un candidato apelar á cidade no seu conxunto. Na campaña por ser elixido, a palabra *amicitia* adquiría unha significado moito máis amplo do habitual e todos os grupos sociais eran dignos de ser obxecto de ser cortexados coa *prensatio*, sendo a vontade popular un ben que debía gañarse

por todos os medios (*Commet. pet.* 5.16; 8.29; 8;30). Respecto dos grupos políticos aos que debe apelar, resulta especialmente ilustrativo o consello de que ha de evitar tomar posición sobre os asuntos públicos, nin no Senado nin nas asembleas. Así, afirma Quinto, xerará unha expectativa política que será agradable aos oídos de todos, para acto seguido definir quen son estes tres grupos de poder: Senado, *ordo equester* e pobo —*multitudo*—.

«para que o Senado aprecie, segundo o que xa fixeches que serás un defensor da súa autoridade; os cabaleiros romanos e os homes honorables e acomodados, polo teu pasado, que te preocuparás da súa tranquilidade e da paz pública; e o vulgo, en tanto que fuches «popularis» (aínda que só en discursos de mitins ou xuízos), que non te desentenderás dos seus intereses. (13.53)»

Por tanto, pode argumentarse que neste momento en Roma existían unhas asembleas tan autónomas e importantes como para que a elite senatorial tivese que gañar o apoio do pobo a través de campañas electorais intensas e competitivas cun resultado incerto. De feito, a incertidume era tal que transformou o suborno masivo —con vistas a garantir os resultados electorais— nun problema fundamental do período tardorrepblicano (Yakobson, 1999).

### 3.4 Conclusións

En definitiva, a historia política do último século da república romana é a dunha *ankylosis*. Un cambio constitucional que, a partir dun réxime mixto, permitiu chegar a unha democracia moderada. Esta, aínda que lonxe dos réximes democráticos radicais que existiran en Grecia, e que tiñan por principal característica o sorteo, obtén a súa cualificación de democracia de acordo cun criterio xeral que manexaba, entre outros, o propio Polibio. A dicotomía entre a virtuosa «democracia» e a dexenerada «oclocracia» só se daba cando quen mandaba era maioría. Noutras palabras, cando o *locus* da soberanía estaba primordialmente en mans da parte da comunidade que constituía o pobo —a maioría social— podía falarse ben dunha democracia, se se gobernaba de acordo cos principios da xustiza, ben duna oclocracia, se estes se ignoraban.

Segundo estes criterios, o equilibrio constitucional que atopara na Roma Polibio entre os diferentes detentadores da soberanía quebrouse a favor dun pobo que viu reforzada a súa posición política dunha forma clara nestes últimos anos da república. Neste proceso tivo unha especial importancia a promulgación das *leges tabellariae* e a maior importancia que asumiron as asembleas como centros neuráxicos de decisión política, así como a división dunha clase dirixente que se escindiu en dúas familias políticas con opinións opostas respecto da democratización que se estaba a vivir. Pola contra, este fortalecemento da autonomía e da independencia das asembleas foi tan real coma precario, debido entre outras cousas as fortes resistencias senatoriais. O Senado, posuidor dunha porción da soberanía e do poder político que notaba minguante, reaccionou con virulencia contra este enroque do poder das asembleas, acudindo tanto á unha multitude de estados de excepción como a reformulación de

antigas figuras constitucionais de emerxencia como era o ditador. Será precisamente esta oposición violenta a que fará, entre outras cousas, que o réxime democrático non acabe de asentarse e todo o aparato constitucional acabe esfarelado no período de guerras civís que desembocarán no principado de Augusto.

## AVALIACIÓN

De acordo cos criterios establecidos na memoria do título para a materia de Economía, Sociedade e Institucións na Antigüidade, o sistema de avaliación pivotará sobre dous elementos fundamentais:

### 1. Avaliación continua:

- De acordo coas marxes establecidas na ficha e no programa da materia, a avaliación continua constituirá o 60 % da nota final. Esta nota está vinculada directamente aos exercicios realizados nas clases interactivas, onde o docente avaliará a consecución dos diferentes obxectivos da materia a partir das actividades propostas:
- Participación proactiva nos comentarios de texto oral das fontes clásicas; valorase o dominio das mesmas e a demostración de que foron lidas e asimiladas. Dentro do global da nota interactiva, un 20 % corresponderá á participación. Dentro do conxunto da curso, a participación nas actividades desta UD deste tipo contará un 20 %.
- Participación no debate. Realízase de forma grupal, a través de grupos de traballo de ata 4 persoas. Avaliarase tanto o contido (dominio das fontes clásicas, correcto manexo da historiografía contemporánea, argumentación coherente e articulación dunha posición propia) como formais (capacidade argumentativa, participación equitativa entre todos os membros do grupo de traballo, claridade na expresión, uso do rexistro académico especializado). A nota atribúeselle ao grupo no seu conxunto, e non de forma individual aos seus membros. Dentro do global da nota interactiva, un 30 % corresponderá ao seu desempeño no debate. Como ao longo do curso cada grupo de traballo só realizará un debate, a nota desta actividade suporá o 100 % da nota que corresponde a este tipo de actividade interactiva. As táboas que se insiren a continuación serven como instrumentos de avaliación nos debates.

Forma	Excelente	Ben	Regular	Mal
Temporalización				
Presentación oral				
<i>Power Point</i>				
Réplicas				

Fondo	Excelente	Ben	Regular	Mal
Definición de conceptos				
Dominio das fontes clásicas				
Dominio da bibliografía actual				
Análise propia				
Solidez da argumentación				

- Traballo escrito. Avaliaranse tanto o contido (dominio das fontes clásicas, correcto manexo da historiografía contemporánea, argumentación coherente e articulación dunha posición propia) como formais (capacidade argumentativa, manexo correcto das citas, coherencia formal no documento entregado, uso do rexistro académico especializado). Tendo en conta que a data de entrega do traballo é posterior a realización do debate terase especialmente en conta a integración no mesmo das correccións feitas polo docente en relación ao debate. Dentro do global da nota interactiva, un 50 % corresponderá ao traballo. Como ao longo do curso cada grupo de traballo só realizará un traballo, a nota desta actividade suporá o 100 % da nota que corresponde a este tipo de actividade interactiva. As táboas que se insiren a continuación serven como instrumentos de avaliación nos debates.

Forma	Excelente	Ben	Regular	Mal
Estrutura				
Citas				
Uso da lingua				

Fondo	Excelente	Ben	Regular	Mal
Definición de conceptos				
Dominio das fontes clásicas				
Dominio da bibliografía actual				
Análise propia				
Solidez da argumentación				



## 2. Avaliación final

De acordo coas marxes establecidas na memoria do título e no programa da materia, a avaliación continua constituirá o 40 % da nota global. Esta nota estará vinculada directamente ao coñecemento crítico dos contidos explicados nas clases expositivas, e será avaliado no exame final xunto co resto de contidos da materia. Este exame consta de dúas preguntas teóricas e un comentario de texto.

## BIBLIOGRAFÍA

---

- ARENA, VALENTINA (2012): *Libertas and the Practice of Politics in the Late Roman Republic*, Cambridge: Cambridge University Press.
- BRUNT, PETER (1988): «Clientela», en *The Fall of the Roman Republic and Related Essays*, Oxford: Clarendon Press; Nova York: Oxford University Press.
- CANFORA, LUCIANO (1991): *Ideologías de los estudios clásicos*. Madrid: Akal (= *Ideologie del classicismo*. Turin: Einaudi, 1980).
- FERRARY, JEAN LOUIS (1982): «Le idee politiche a Roma nell'epoca repubblicana», en Firpo, Luigi (dir.), *Storia delle idee politiche, economiche e sociali*, vol. 1: *L'Antichità classica*, Turin: UTET.
- GARDNER, H. (2000): *La educación de la mente y el conocimiento de las disciplinas*. Barcelona: Editorial Paidós.
- GELZER, MATTHIAS (1969): *The Roman Nobility*, Oxford: Blackwell (= «Die Nobilität der römischen Republik», *Kleine Schriften*, Wiesbaden: Franz Steiner, 1962).
- GRAMSCI, ANTONIO (1966): *Il materialismo storico e la filosofia di Benedetto Croce*. Turin: Einaudi.
- LÓPEZ BARJA DE QUIROGA, PEDRO (2005): «Los partidos políticos en la obra de Mommsen», en Martínez\_Pinna, Jorge (ed.) *El Centenario de Theodor Mommsen*: 207–218. Madrid: Real Academia de la Historia de Madrid.
- (2007): *Imperio Legítimo: El pensamiento político en tiempos de Cicerón*. Madrid: A. Machado Libros.
- (2014): «Conflicto ideológico y guerra civil en la Tardía República: causa, memoria y miedo» en Ruiz de los Llanos, Natalia; Rubio, Milagro; Rieszer, Carolina (eds.) *XXIII Simposio Nacional de Estudios Clásicos – Libro de Actas*, 33-47. Salta: Universidad Nacional de Salta, Asociación Argentina de Estudios Clásicos.
- (2022): *Entre tiranos: La guerra civil de César*. Madrid: Marcial Pons.
- MACKIE, NICOLE (1992): «Popularis ideology and Popular Politics at Rome in the First Century B.C.», *Rheinisches Museum für Philologie* 135: 49-73.
- MILLAR, FERGUS (1998): *The Crowd in Rome in the Late Republic*. Ann Arbor: University of Michigan Press.
- MORSTEIN-MARX, ROBERT (2004): *Mass Oratory and Political Power in the Late Roman Republic*. Cambridge: Cambridge University Press.
- MOURITSEN, HENRICH (2001): *Plebs and Politics in the Late Roman Republic*, Cambridge University Press.

- MÜNZER, FRIEDERICH (1999): *Roman Aristocratic Parties and Families*, Baltimore: Johns Hopkins University Press (= *Römische Adelsparteien und Adelsfamilie*, Stuttgart, 1920).
- NICOLET, CLAUDE (1980): *The World of the Citizen in Republican Rome*. Berkley, Los Angeles: University of California Press (= *Le métier de citoyen dans la Rome républicaine*. Paris: NRF, 1976).
- NORTH, JOHN (1990): «Democratic Politics in Republican Rome», *Past and Present* 126: 3-21.
- PERELLI, LUCIANO (1982): *Il movimento popolare nell'ultimo secolo della Repubblica*, Turín, Paravia.
- ROBB, M.A. (2010): *Beyond Populares and Optimates. Political Language in the Late Republic*. Stuttgart: Franz Steiner
- SHERK, R.K (1969): *Rome and the Greek East, Senatus Consulta et epistulae to the Age of Augustus*. Baltimore: Johns Hopkins Press.
- SYME, RONALD (1939): *The Roman Revolution*, Oxford: Clarendon Press.
- YAKOBSON, Alexander (1999): *Elections and Electioneering in Rome*. Stuttgart: Franz Steiner.
- (2010): «Traditional Political Culture and the People's Role in the Roman Republic», *Historia: Zeitschrift Für Alte Geschichte*, 59 (3): 282-302.





Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidades didácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

